



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 27 DE SETEMBRO DE 2018.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as vinte horas e trinta e tres minutos do día vinte e sete de setembro de dous mil dezaioito, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARIA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARIA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARIA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUAREZ GARCIA
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑAS VARELA
D^a MARIA OFELIA RAMOS LUNA

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

D^a MARIA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTES SANCHEZ
D^a. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSE JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESUS MANUEL VAZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

Concelleira non adscrita

D^a VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Asiste á sesión o interventor municipal accidental, don Roberto Babío Fernández, e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 13 E 18 DE SETEMBRO DE 2018.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación as actas das sesións extraordinarias celebradas en datas 13.09.2018 e 18.09.2018, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións extraordinarias celebradas en datas 13.09.2018 e 18.09.2018, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións extraordinarias celebradas en datas 13.09.2018 e 18.09.2018.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE EQUIPAMENTO EN SOLO RÚSTICO DO SPORTING CLUB CASINO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado de Urbanismo, de data 20 de setembro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, na súa sesión de data 20 de setembro de 2018, que literalmente di:

"Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo ao Pleno Municipal para a aprobación definitiva do "Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino".

O expediente tramitouse segundo o que dispoñen o artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG) e o artigo 186 do Decreto 13/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante RLSG).

Na sesión ordinaria que celebrou a Xunta de Goberno Local o 29.05.2017 aprobouse de forma inicial o "Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino" que redactaron os arquitectos D. José Manuel Varela Castro e D. Antonio J. Ferreiro Novo en febreiro de 2017, acordouse sometelo ao trámite de información pública polo prazo de dous meses mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun dos diarios de maior difusión da Provincia así como notificalo de forma individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

No DOGA número 112 do 14.06.2017 e no diario "La Voz de Galicia" do 10.06.2017 publicáronse os anuncios relativos á aprobación inicial do plan especial en cuestión.

Solicítáronse os informes sectoriais preceptivos, durante o trámite de información pública, segundo o que dispón o artigo 75.1.b da LSG.

Durante o trámite de exposición pública presentáronse as seguintes alegacións:

- Alegación de D^a. Margarita Traspuerto Suárez do 07.08.2017 co número do rexistro 2017/7415.
- Alegación de D. Carlos Velo López do 11.08.2017 co número do rexistro 2017/7517).

No expediente constan os informes sectoriais que se solicitaron agás o informe que se solicitou á Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Augas de Galicia, solicitude que entrou o 13.11.2017 no Rexistro xeral da Xunta de Galicia (Portelo Único), entrada 1319/RX2787068.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

Á petición do informe que se lle solicitou, Augas de Galicia contestou cun escrito coa entrada no rexistro xeral o 24.05.2018 no que requiriu unha documentación complementaria.

O 28.06.2018 enviouse á Augas de Galicia a documentación que achegou o Sporting Club Casino A Coruña para responder ao requirimento de documentación complementaria.

O 17.07.2018 entrou no rexistro xeral do Concello un escrito de Augas de Galicia no que requiriu documentación complementaria.

O 30.07.2018 remitiuse á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio un escrito en contestación á documentación complementaria que solicitou.

Ao día de hoxe non consta no expediente o informe sectorial que se solicitou á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Augas de Galicia. Ao respecto cabe sinalar que o artigo 75 da LSG dispón que *“os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.”*

No expediente constan os informes do xefe do Servizo de Arquitectura e Urbanismo, que emitíu o 05.12.2016 o 31.03.2017 e o 24.10.2017.

Constan no expediente os informes que emitíu o Asesor Xurídico, co visto e bó da xefe da Asesoría Xurídica, o 06.02.2017 e o 16.02.2018.

Consta no expediente o informe que emitíu a Secretaria Xeral o 11.04.2018.

A Xunta de Goberno Local, na sesión que celebrou o 16.04.2018, acordou desestimar as alegacións que formularon D^a. Margarita Traspuerto Suárez e D. Carlos Velo López, aprobar provisionalmente o “Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino”, coa substitución do plano de zonificación ORD-04 polo plano modificado para informe sectorial da Deputación Provincial de A Coruña, e remitir unha copia do expediente completo debidamente dilixenciado ao órgano competente en materia de urbanismo (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) para o seu informe preceptivo.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo achegou ao rexistro xeral o 24.07.2018 o informe previo á aprobación definitiva, informe favorable á aprobación do Plan especial de equipamento Sporting Club Casino da Coruña, no Concello de Culleredo, condicionado á corrección dos aspectos que se sinalaban no apartado III do informe con anterioridade á aprobación definitiva do plan especial.

O 14.08.2018 D. José Medín Guyatt, na condición de Presidente do Sporting Club Casino da Coruña achegou un exemplar en papel e en soporte dixital do “Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino” na súa fase de aprobación definitiva, coas indicacións que expresara o xefe do Servizo de Urbanismo no seu informe do 30.08.2018.

O xefe do Servizo de Urbanismo emitíu un informe o 07.09.2018 no que reflectíu a corrección dos aspectos indicados no apartado III do informe previo á aprobación definitiva da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no documento de aprobación definitiva do Plan especial de equipamento en solo rústico Sporting Club Casino que asinaron dixitalmente o 03.09.2018 os arquitectos D. Antonio Ferreiro Novo e D. José Manuel Varela Castro.

Consta no expediente o informe favorable que emitíu a Secretaria Xeral o 19.09.2018.

A LSG no seu artigo 75.4 dispón que *“a aprobación definitiva dos plans parciais e dos plans especiais corresponderalle ao órgano municipal competente”*.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

É competencia do Pleno da Corporación á aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin a tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calesqueira de ditos instrumentos, segundo o que dispón o artigo 22.2 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo o artigo 47 da Lei 7/1985 que se cita, débense aprobar por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación os acordos que corresponda adoptar á corporación na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

“O acordo de aprobación definitiva deberase publicar, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia”, segundo o que dispón o artigo 82.1 da LSG, artigo no que se establece no seu punto 3 que “o documento que conteña a normativa e as ordenanzas deberá publicarse no Boletín Oficial da provincia.”

“En todo caso, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionadas á súa publicación de conformidade co establecido neste artigo, á inscrición do instrumento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto no artigo 88 desta lei e ao que dispoña para tal efecto a lexislación vixente en materia de réxime local”, sinalase no punto 4 do artigo 82.

O acordo de aprobación definitiva notificarase individualmente aos titulares catastrais dos terreos afectados aos que se lles notificara a aprobación inicial do mesmo, conforme ao que sinala o artigo 75.1 da LSG.

Os instrumentos de planeamento son disposicións de carácter xeral, polo que a súa aprobación definitiva non poderá ser obxecto de recurso en vía administrativa, senón tan só a través do correspondente recurso contencioso-administrativo, nos termos previstos na lexislación aplicable, segundo o que dispón o artigo 84.1 da LSG.

Tendo en conta as consideracións e os informes que se citan,

Propónse ao Pleno Municipal a aprobación do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o Plan especial de equipamento en solo rústico Sporting Club Casino que asinaron dixitalmente o 03.09.2018 os arquitectos D. Antonio Ferreiro Novo e D. José Manuel Varela Castro.

Segundo.- Notificar este acordo de aprobación definitiva individualmente aos titulares catastrais dos terreos afectados aos que se lles notificara a aprobación inicial do mesmo.

Terceiro.- Publicar este acordo de aprobación definitiva do Plan especial, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial de A Coruña.

Cuarto.- Depois de que se realicen as publicacións, que se sinalan no punto anterior, proceder á inscrición do Plan especial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Contra este acordo de aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o que dispón o artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.”

Iniciada a quenda de intervencións, fai uso da palabra o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que antes de proceder ao debate e votación da proposta referida, procede a votación do voto particular presentado por don José Juan Santos Iglesias, concelleiro-voceiro do grupo municipal Marea Veciñal do Concello, no que solicita se deixe sobre a mesa o asunto, e lle dá a palabra para que explique o seu voto.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

A continuación, o Sr. Santos Iglesias, facendo uso da palabra concedida, di que presenta o seu voto porque este punto levouse á comisión informativa correspondente na que se ditaminou como un asunto sobrevido sen que houbera tempo suficiente para ver a documentación e establecer un criterio para poder abordar este punto, motivo polo que piden que se retire e se volva ditaminar na comisión informativa unha vez se poida revisar todo o expediente para poder ter un criterio e poder votar.

Responde o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, dicindo que a documentación estivo a disposición dos grupos municipais desde o pasado luns, e somete a votación ordinaria o voto particular presentado polo Sr. Santos Iglesias, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Cañás Varela, Ramos Luna, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Abstencións: 1 (un) do Sr. Vázquez Lozano

Á vista do resultado da votación, ao terse producido empate, a Presidencia somete a segunda votación ordinaria o voto particular do Sr. Santos Iglesias, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Cañás Varela, Ramos Luna, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Abstencións: 1 (un) do Sr. Vázquez Lozano

Ao persistir o empate decide o voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, emitido en contra do voto particular, polo que este non resulta aprobado.

A continuación a Presidencia somete a debate e votación a proposta do Sr. Concelleiro de Urbanismo, de data 20 de setembro de 2018, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Urbanismo, na súa sesión de data 20 de setembro de 2018, transcrita anteriormente.

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que se trata de traer a este Pleno a aprobación definitiva do Plan Especial de Infraestruturas en Solo Rústico do Casino, tratándose dun expediente que vén ao Pleno con todos os informes favorables, poñéndose o día de celebración da xunta de voceiros previa a esta sesión a dispor de todos os voceiros a documentación para que fose analizada e se puidese comprobar que obran todos os informes con sentido favorable, motivo polo que piden o voto para a súa aprobación e advirte da necesidade de obter maioría absoluta para a mesma.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que anuncia desde este momento que o seu voto vai ser en contra e que o seu motivo é o mesmo polo que o voceiro do grupo municipal da Marea Veciñal emitiu o seu voto particular; que xa o teñen comentado que na comisión de urbanismo está limitado pois non vota pero si o advertiu xa que este é un expediente moi voluminoso e moi complexo, referido a un tema urbanístico que require unha análise pormenorizada e non lle parece de recibo que



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

C.I.F. P-1503100-H

se someta a votación sen tempo suficiente para ver a documentación; que ese é o principal motivo para o seu voto en contra pero que quere aproveitar para comentar un par de asuntos xa que a pesar de que todos os informes son favorables se pode observar por exemplo no documento do arquitecto municipal que se advirte que non poderá haber antenas e a día de hoxe alí hai antenas polo que puido ver esta mañá na imaxe do satélite; que hai algunha denuncia por obras que estaban sen licenza e quere incidir en que xa en reiteradas ocasións reclamaron un mellor funcionamento do servizo de disciplina urbanística poñéndose agora de manifesto que é moi necesario; que por outra parte lle resulta curioso que unha entidade privada sexa quen de completar toda a tramitación neste prazo de tempo e que o goberno municipal teña tantas cuestións urbanísticas pendentes que necesitarían modificacións precisas ao planeamento para cuestións veciñais adiadas eternamente agardando polo PXOM, un PXOM para o que levan tres anos e medio esperando que vaia adiante e parece que tampouco prosperará neste mandato municipal, poñendo por exemplo cuestións das que o BNG ten trasladado propostas veciñais como a ampliación do centro de Castro e Laxe, a circunvalación a estes enclaves, a posibilidade de cubrir a pista polideportiva do colexio Ría do Burgo, a posibilidade de realizar o cementerio municipal ou tantas outras que requiren de actuacións urbanísticas que non se abordan e sobre as que sempre se pon a excusa de estar agandando polo PXOM; que hai un motivo máis que non quere deixar pasar a ocasión de comentalo pois xa hai moito tempo que escoitan falar de que nos montes da Zapateira existían montes de propiedade comunal e que había certas propiedades privadas que invadían monte de propiedade comunal e polo tanto de propiedade pública; que había un informe que inicialmente era desfavorable e despois subsanouse relativo á propiedade dos terreos que ocupa a AC-14, constando tamén outros informes doutras entidades públicas que din que non afecta ás súas propiedades, non habendo indagación municipal ningunha que tente comprobar a verosimilitude ou non de todo o que se ten falado respecto do monte comunal; que hai unha resolución do Xurado provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, do ano 1996, no que se tratan estas cousas e que por unha iniciativa veciñal de Vilaboa que falaba de existencia de monte comunal, intentando dilucidar se a propiedade era comunal ou veciñal, pois ten un tratamento distinto; que o Casino preséntase para facer valer que ten inscrito no Rexistro pero sen embargo hai algunhas anotacións que deixan entrever que pode non estar tan claro e cre moi necesario aclaralo pois por exemplo cando di que o Casino da Coruña alega a propiedade de 12 ha na parcela IV-c inscrita no Rexistro da Propiedade, procede da segregación dun predio maior, o cal asimesmo constaba no rexistro e que tales alegacións afectan a grande parte das parcelas reclamadas como veciñais en man común polos veciños da parroquia de Rutis.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido dicindo que a dita Resolución recolle tamén un considerando o alegado polo Concello de Culleredo acerca das parcelas que considera son da súa propiedade patrimonial en virtude do inventario de bens do Concello e da súa inscrición no Rexistro da Propiedade, no que deixa ver que non dá por acreditado que se trate de monte veciñal, e que remata no punto 5º dicindo que a configuración física do monte como un conxunto de parcelas sen continuidade non é a de monte veciñal e que a incorporación das citadas parcelas aos bosquexos do catastro como comunais non pode ser base suficiente para a súa cualificación pois isto indica unicamente que son obxecto de uso polo dominio público, pero non determina o carácter de veciñais en man común e que, de acordo co anterior, o xurado considera que o alegado, ao ser cuestión relativa ao dominio de tales predios é da competencia dos tribunais da xurisdición ordinaria, a sustanciar polos trámites do xuízo declarativo ordinario que corresponda: que con todo isto quere dicir que, a falta de que se lle diga outra cousa, cre que está sen esclarecer se esta propiedade está afectando a propiedades públicas, o cal deslexitimaría, por vicio de orixe, todo este proceso, entendendo que o que procede é facer un informe acerca de todo isto e as indagacións necesarias para comprobar se efectivamente se trata dunha propiedade pública ou se en parte é afectado por propiedade pública.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que o seu voto será tamén en contra en coherencia co voto particular que presentaron por non ter tido tempo suficiente para conformar a súa opinión sobre este punto xa que a Xunta de voceiros rematou o venres ao mediodía e o Pleno foi convocado o luns polo que tratándose dun expediente que leva varios anos instruíndose e cuia aprobación inicial produciuse pola Xunta de Goberno Local presentándose no tramo

6 de 34



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

de información pública unhas alegacións que foron desestimadas tamén pola Xunta de Goberno Local, sen tempo suficiente para poder ter unha opinión sobre en que se basaron para desestimar esas alegacións e poder ver a documentación con tempo suficiente para formar unha opinión sobre a proposta.

Deseguido solicita o uso da palabra a concelleira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que efectivamente todos os grupos están incidindo no mesmo xa que na Comisión non estaba o expediente, ao igual que na Xunta de Voceiros, na que se lles dixo que lles daban acceso ao expediente pero que non puideron discutir xa que non dispuxeran da documentación con tempo para poder facelo; que posteriormente, cando xa tiveron acceso á documentación puidose comprobar que efectivamente contén informes que dan tranquilidade respecto do mesmo pero tamén hai certos papeis polo medio que non aparecen numerados e sen correspondencia entre datas polo que considera que despois deste tempo parece razoable deixalo un mes máis sobre a mesa mais para, en aras da transparencia, poder comprobar que non hai nada que ocultar.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que está de acordo co exposto ata o de agora pois cando se ditamina un expediente ten que estar a documentación a disposición dos concelleiros e concelleiras con anterioridade para poder examinala con calma e neste caso non estivo; que el xa se ten queixado noutras ocasións e pedido ter a documentación con antelación maior á establecida cando se trate de expedientes voluminosos para poder estudialos con profundidade pero que neste caso non puideron tela nen sequera coa antelación que establece o regulamento; que se di que estivo a disposición dos voceiros na Xunta pero quizáis o Concello non dispoña dun concelleiro tan avisado como para poder examinar a documentación dun expediente desa magnitude en cinco minutos e que ademais non é certo que estivera na Xunta senón que foi despois da sesión cando se puxo a disposición; que el revisou parte da documentación pero non lle deu tempo a analizar o expediente en profundidade polo que pide máis tempo ou polo menos o que establece o regulamento, motivos polos que van apoiar a proposta da Marea Veciñal de Culleredo; que independentemente disto quere dicir que a proposta que hoxe viu lle gusta porque conta ditaminada e con todos os informes favorables e que están de acordo en que se cubran as pistas para facer deporte, tanto cativos como maiores, e que politicamente sabe que están de acordo en que se cubran esas pistas pero tamén están de acordo cos compañeiros en dicir que se non teñen tempo de examinar a documentación que serve de base das propostas non poderán exercer a súa labor de control pois hai algúns informes que figuran como favorables pero que establecen certas condicións sen que puideran ter tempo a comprobar se eses condicionantes se cumpren ou non.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos, quen, unha vez concedido, di que todos recoñecen que os informes que obran no expediente son favorables, tratándose dun asunto que se podería aprobar sen problema e que na comisión informativa que tivo lugar o pasado xoves xa explicou que o motivo de que se levara como asunto sobrevido foi que o luns, día da convocatoria da sesión, faltaba o informe da Sra. Secretaria municipal, informe que obraba xa o día da Comisión informativa e con carácter favorable, contando desde o venres pasado con toda unha semana por diante para analizar o expediente; que os condicionantes referidos que aparecen nalgún informe teranse que cumprir posteriormente, cando se executen as obras, e que, con respecto á presa mencionada nalgunha intervención, di que se trata dunha empresa do Concello que quere cubrir unhas pistas deportivas e que sería bo aproveitar agora o bo tempo para axilizar os trámites; que cre que non hai unha razón de peso para deixar este asunto sobre a mesa para debatilo o mes que ven toda vez que desde o venres está toda a documentación e conta cos informes favorables tanto do arquitecto como da secretaria, podéndose entender nos informes que o Plan Especial do Casino xa está aprobado a día de hoxe de maneira definitiva pois se conta con todos os informes favorables e transcurren máis de seis meses desde a aprobación inicial entende que é aplicable o silencio positivo, polo que solicita se reconsidera a situación pois os informes son todos favorables e o único motivo de que fose á comisión como un asunto sobrevido foi que na data da convocatoria non fora emitido o informe da señora secretaria municipal, informe que obraba xa o día de celebración da sesión.

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido, quen, unha vez concedido, di que non se trata dun erro senón dunha cuestión que non está ben tramitada; que noutras ocasións lles teñen achegado toda a documentación advertindo da falta dalgún informe que posteriormente se remitía, chegando a acordos tamén sobre estas cuestións sen que nunca se tiveran posto obxeccións; que falan de que houbo unha semana para revisar toda a documentación pero a verdade é que se trata dun expediente voluminoso, moi técnico, que hai que examinar minuciosamente e explicalo porque ás veces non se entende, e os concelleiros da oposición ningún ten adicación exclusiva, contando cada un coas súas ocupacións e os seus traballos, polo que considera que sobra o comentario de que houbo unha semana enteira para examinar o expediente.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que ve que o equipo de goberno non ten nada que dicir sobre unha posible afectación a bens de dominio público, a pesar de falar na súa intervención dun documento público, unha resolución publicada no DOG, o que fai supoñer que non van desencamiñados na súa intervención anterior.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, di que non ten moito máis que dicir pois o que tiña pensado xa se comentou na intervención anterior e que non é certo que tiveran unha semana para revisar o expediente porque o xoves, ás vinte horas e trinta minutos non tiñan nada e noutras ocasións, aínda que faltara un informe ou outro documento, se lles facilitaba todo o resto e lle achegaban despois o que faltaba, e que o venres, antes da xunta de voceiros, tampouco estaba, motivo polo que, aínda estando de acordo coa proposta, non a van apoiar nesta sesión.

A continuación fai uso da palabra o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que hay sendos informes dun folio do arquitecto municipal e de oito folios da secretaria municipal que non deixan ningunha dúbida sobre a claridade deste proceso, existindo a obriga de resolver as solicitudes dos cidadáns, sendo libre o voto dos concelleiros e das concelleiras pero que lle parece unha mágoa que hoxe non se poida aprobar esta proposta que conta con todos os informes favorables por dous días de retraso na aportación da documentación e que se demore un mes máis a construción desta infraestrutura pois un mes máis pode ser moito para una construción destas características.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. Concelleiro de Urbanismo, de data 20 de setembro de 2018, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Votos en contra: 7 (sete) dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Abstencións: 3 (tres) dos sres/as: Cañás Varela, Ramos Luna e Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, e non acadándose a maioría absoluta requirida no artigo 47.2.II da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a proposta non resulta aprobada.

3.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O II MEMORIAL “TINO POZA” DE ARTES PLÁSTICAS.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Educación, Cultura e Participación Cidadá, de data 21 de setembro de 2018, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

Educación e Cultura na súa sesión de data 20 de setembro de 2018, e fiscalizada de conformidade polo Sr. interventor accidental en data 21 de setembro de 2018, que literalmente di:

“O Concello de Culleredo (A Coruña), para honrar a memoria do que foi o seu concelleiro de Cultura e impulsor de numerosos proxectos culturais e artísticos, Celestino Poza Domínguez, convoca o II Memorial “Tino Poza” de Artes Plásticas..

Proponse a aprobación polo Pleno Municipal das bases que rexeran o II Memorial “Tino Poza” de Artes Plásticas ”

BASES:

II MEMORIAL “TINO POZA” DE ARTES PLÁSTICAS 2018

O Concello de Culleredo convoca o II Memorial “Tino Poza” de Artes Plásticas conforme ás seguintes

- 1.- Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen.
- 2.- O evento terá lugar o sábado 20 de outubro de 2018.
- 3.- INSCRIPCIÓN E SELADO: A inscrición e selado das teas ou outro tipo de soportes elixidos polos artistas terá lugar o mesmo día, entre as 9:00 h. e as 11:00 h., na Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico do Burgo.
- 4.- TEMÁTICA: O tema obrigado do Memorial será “O concello de Culleredo e o seu patrimonio natural e monumental”. As obras deberán ser pintadas en directo, “in situ”.
- 5.- CATEGORÍAS: haberá catro categorías: Adultos (de 18 anos en adiante), Xuvenil (de 12 a 17 anos) e dúas de Infantil (de 6 a 8 anos, e de 9 a 11 anos).
- 6.- TAMAÑO E TÉCNICA: O tamaño das obras será de 50 cm. como mínimo e un máximo de 120 cm. en calquera dos seus lados.
Nas categorías infantil e xuvenil as medidas serán elixidas polos propios participantes.
O soporte poderá ser branco ou en cor base sen texturas e as obras poderanse realizar en calquera técnica: óleo, acrílico, acuarela, etc.
Os participantes virán provistos de todo o material necesario para a execución da obra. Na categoría de adultos, incluírán o cabaleta para expoñer a pintura realizada.
Admitirase unha soa obra por concursante e irá sen asinar.
- 7.- RECEPCIÓN DAS OBRAS: Entregaranse na Aula de Natureza “Juan Lembeye”, o mesmo día do evento, en horario de 15:00 a 16:30 h., no que se dará por finalizado o tempo de realización e presentación das obras.
- 8.- PREMIOS:

CATEGORÍA ADULTOS (18 ANOS EN ADIANTE)

- 1º Premio..... 2.000 €
- 2º Premio..... 1.500 €
- 3º Premio..... 1.000 €

PREMIO CATEGORÍA XUVENIL (12 A 17 ANOS)

- 1º Premio Material
- 2º Premio.....Material
- 3º Premio.....Material

PREMIOS CATEGORÍA INFANTIL:

- De 6 a 8 anos: 1ª, 2ª e 3ªMaterial.
- De 9 a 11 anos: 1ª, 2ª e 3ªMaterial.

PROCEDEMENTO DE PAGO DO 1º, 2º e 3º premio da categoría ADULTOS:

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

Os premios están suxeitos á lexislación fiscal aplicable, realizándose o seu pagamento mediante transferencia bancaria. Para o pagamento do premio os autores galardoados deberán presentar certificación da conta bancaria e copia do DNI así como o modelo de declaración responsable conforme se cumpren todos os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública. Ademais, antes de proceder ao pago, comprobarase se o beneficiario está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa entidade local (Artículo 189.2 TRLRHL). De non ser así o premio quedará deserto.

O premios están consignados á partida 334, encontrándose retido o crédito necesario.

Os restantes premios entregaranse o mesmo día da celebración do Memorial, aos autores das obras premiadas.

9.- O XURADO, que se dará a coñecer o mesmo día na lectura do seu fallo, estará integrado polas seguintes persoas:

Presidente: Concelleira de Cultura, Educación e Participación Cidadá de Culleredo.

Secretario/a: Traballador/a do Concello de Culleredo.

Vogais: Catro persoas de recoñecido prestixio dentro do mundo da arte.

A súa decisión será inapelable e basearase na análise da calidade e do valor artístico das obras presentadas a concurso, así como que as obras se adapten ao tema obrigado do Memorial.

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios se as obras presentadas non reúnen a calidade suficiente.

10.- DECISIÓN DO XURADO: Os membros do xurado emitirán a súa decisión, que será inapelable, o mesmo día da celebración do Memorial, ás 19:00 horas, na Aula de Natureza "Juan Lembeye".

A continuación terá lugar a entrega de premios.

11.- PROPIEDAD DAS OBRAS: A obras galardonadas co 1º, 2º e 3º premio da categoría de Adultos quedarán en propiedade do Concello de Culleredo, así como todos os dereitos de reprodución e publicación.

As obras premiadas deberán ser asinadas polos artistas unha vez coñecida a decisión do xurado.

As obras premiadas nas categorías infantil e juvenil devolveranse aos seus autores.

Para a retirada da obra será necesaria a presentación do DNI ou documento que acredite a identidade do autor.

A participación no Concurso implica a aceptación de todas as bases."

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que Celestino Poza, coñecido por "Tino" por todos eles, foi concelleiro do Concello de Culleredo desde o ano 1983 ata o ano 2011, vinte e catro anos nos que foi un referente en todo o que se refire á cultura do Concello, conseguindo colocar ao Concello de Culleredo como un referente a nivel cultural en toda Galicia pois en moitos sitios falábase de Culleredo polos distintos certames, actividades e voráxine cultural que tiña Tino Poza, motivo este polo que o pasado ano, o Pleno decidiu como unha parte dunha homenaxe feita a Tino Poza, facer o primeiro Memorial de Artes Plásticas, memorial que tivo un importante éxito e no que participaron máis de 50 recoñecidos artistas con obras de gran valor, pretendendo agora levar a cabo o II Memorial "Tino Poza" de Artes Plásticas, para o que pide o voto favorable.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que claro que están de acordo como non podería ser doutra maneira pero que quixera matizala xa que a ven sinxela e incompleta, especialmente cando se fala da composición do xurado di como Presidente actuará a concelleira de Cultura, Educación e Participación Cidadá de Culleredo, que lle parece ben pero que establece que o Secretario será un traballador do Concello, o que lle parece un pouco xenérico pois non concreta se se trata de calquer traballador, un amigo da concelleira, ou administrativo que alí estaba a dispor, parecéndolle mellor que se tratara dun traballador do servizo de Cultura ou máis concretamente o xefe de servizo de Cultura xa que hai esa estrutura e sen poñer o nome pois este podería cambiar co cal iría o xefe de servizo en funcións dese servizo ou un técnico de Cultura, pero que lle gustaría que se recollese; que con respecto aos vogais establécese que serán catro persoas de recoñecido prestixio no mundo da arte, considerando que daría máis igualdade poñer tres persoas do Concello e outras tres de fóra pero que iso é o de menos sendo máis importante a ambigüidade que supón poñer "de recoñecido prestixio no mundo da arte" sen establecer quen vai dar ese prestixio

10 de 34



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

e se se van nomear autores, pintores, escritores, etc, considerando que sería máis apropiado poñer por exemplo “un profesor do ciclo superior da Escola de arte “Pablo Picasso” pois é un referente en toda a comarca, ou un docente de calquera outro centro que impartise ensinanzas de bacharelato artístico; que na Coruña hai museos, como o Museo de Belas Artes, que poderían contar con técnicos que formasen parte dese xurado, ou un técnico do Centro Galego da Arte Contemporánea; que considera que un Memorial de tanta importancia e feito co cariño merecido por Celestino Poza debería ser tratado con máis seriedade, anunciando que de todas formas o seu voto vai ser a favor da proposta.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal de PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, agradece o sentido do voto anunciado e di que a composición dos membros do Xurado responde a criterios técnicos e a razón de que non se digan nome e apelidos dun determinado técnico responde ao feito de que normalmente neste tipo de xurados non se sabe o nome das persoas que van formar parte del ata o momento de composición do mesmo, podendo en todo caso ser calquera dos citados na intervención do Sr. Cañas Varela, suxerencia que será trasladada ao departamento de Cultura aos efectos oportunos.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Educación, Cultura e Participación Cidadá, de data 21 de setembro de 2018, sendo aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Educación, Cultura e Participación Cidadá, de data 21 de setembro de 2018, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS INCLUÍDA NA BASE 21 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 18 de xullo de 2018, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Contratación na súa sesión de data 6 de setembro de 2018, que literalmente di:

“A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, nos termos que se recollan nos convenios e na normativa reguladora.

O Orzamento en vigor recolle na base 21 das de execución do orzamento os beneficiarios e os importes máximos das subvencións directas que contan con consignación nominativa, considerándose oportuno a introdución de tres novas subvencións nominativas.

En base a que se propón a adopción do seguinte

ACORDO

1. Aprobar a modificación da base 21 das de execución do orzamento do exercicio 2018, introducindo as seguintes subvencións nominativas:

Aplicación orzamentaria	Beneficiario	Importe
-------------------------	--------------	---------



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

341-48900	Portazgo Sociedad Deportiva	8.000,00 €
341-48900	Unión Deportiva Juvenil de Almeiras	14.775,66 €
9332-48900	Comunidade veciñal de monte en man común Xalo	3.500,00 €

2. De conformidade co sinalado no artigo 169 do Real Decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a presente aprobación será unha aprobación inicial, trala que a modificación exporase ao público por quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo, os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno.

A presente modificación considerárase definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións e entrará en vigor unha vez publicada na forma prevista no apartado terceiro do artigo 169 do RDL 2/2004."

Deseguido intervén o alcalde-presidente e di que vai someter a proposta directamente a votación sen entrar en debate xa que este xa se produciu no pleno anterior, suscitándose nese momento a intervención de varios dos asistentes que manifestan o seu desexo de intervir neste punto polo que o Sr. alcalde, tras indicar que el non ten ningún inconveniente en debatilo pero que decidira non facelo ao consideralo innecesario por realizarse xa no pleno anterior, abre a quenda de intervencións.

Neste momento solicita o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que sobre este punto quere dicir que están na mesma situación que no pleno anterior, practicamente coa mesma documentación, non véndose en disposición de votar a favor sen argumentos onde apoiarse.

Intervén o alcalde-presidente e di que en calquera caso, unha vez rematadas as intervencións farase de novo a exposición da proposta.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que este punto quedou sobre a mesa no pleno anterior e agora volve cos mesmos informes sen que se explique detidamente a proposta e as apreciacións feitas na sesión anterior polo voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, anunciando que por estes motivos non pode votar a favor.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que no cartafol que había na orde do día, na documentación posta a disposición despois da Xunta de Voceiros, non había nada, adolecendo dun vicio de orixe ao estar mal tramitado, pois que xa se debatira no pleno anterior non indica que non teñan que rendir contas neste, sobre todo cando na sesión anterior se dixo que se achegaría unha nova motivación e cando xa se deixou sobre a mesa nunha comisión ao dicirse que non estaba ben motivado, aparecendo agora cunha motivación para a concesión de tres subvencións nominativas que ocupa unha carilla, para tres subvencións que suman 14.000 máis 8.000 máis 3.500 euros, para as que se retiran fondos das subvencións por concurrencia para aquelas asociacións que solicitan as subvencións respetando unha serie de criterios de igualdade de concurrencia, non opoñéndose a que se concedan subvencións nominativas nos casos en que non haxa ningunha oportunidade de que o poidan facer con concurrencia para o que se require unha motivación expresa e xustificando que non prexudique a ninguén pois no caso do campo de fútbol por exemplo podería ser que alguén se sentira afectado e págase con atrasos e xuros, podendo ser que alguén puidera pensar en non pagar o IBI por exemplo e despois dicirle ao Concello que non pode pagar, non sendo de recibo; ou no caso do convenio asinado coa comunidade veciñal de montes en man común do Xalo, no que advertiron xa que non comprometía a nada e

12 de 34



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

que carecía de fiscalización, e que eses supostos 75.000 euros anuais que se ían destinar a investimentos para apropiacións, pois iso non ten ningún fundamento xurídico, sendo redactado por alguén do que se pode supoñer, sendo xeneroso, que non sabía facelo; que con respecto á subvención proposta para unha sociedade do Portádego para aluguer dun campo ao seu entender non se agotan ás vías alternativas a recurrir a unha subvención nominativa como poden ser as subvencións da Deputación para aluguer de instalacións, botando en falta asesoramento aos clubs; que se quedou en aportar máis documentación e que ten unha tabliña que lle facilitou o departamento de Facenda e Contratación onde se lles aportan datos dos que carecían e dos que ninguén dispoñía deles máis que os que interviñan na conversación falando do IBI do 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015, ascendendo neste ano 2015 o principal despois da actualización de Facenda á cantidade de 3.250 euros, sen que se comenten as bases e se houbo unha actualización de valores habería que saber a que corresponde parecéndolle estrañísimo que se paga 3.250 euros de cota a un tipo impositivo do 0,56, cunha simple regra de tres sae que o campo ten un valor de máis de medio millón de euros, crendo que ningún outro campo ten este valor coas instalacións que ten alí; que pensa que por todo o exposto este punto require dunha motivación máis extensa.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que o seu grupo manifestou dúbidas no pleno anterior respecto da legalidade que puidera afectar a este expediente pois presentan tres subvenciones nominativas para tres entidades distintas, sendo posible tratar cada unha individualmente pero quedando así as tres unidas nun mesmo expediente; que eles pediron unha explicación e non a recibiron nin de palabra nin por escrito; que xa no pleno anterior dixeron que entenden que estas asociacións precisen de axuda, e que todas as asociacións o necesitan, sendo loable e necesario facelo, pero nas decisións do equipo de goberno, na boa ou mala tramitación dos expedientes está a sorte que poidan ter en recibir a subvención ou non, polo que é necesario que todos os expedientes se tramiten correctamente e contén cos informes necesarios, sendo responsabilidade do equipo de goberno facilitar en tempo a documentación para que poidan formar o seu criterio pois non todos saben de todo e ás veces precísase asesoramento para poder formar unha opinión; que el presentou unha dúbida e nesta sesión non ven nada novo porque a titularidade non é do Concello senón das entidades polo que non poden estar exentos e deben pagar o IBI e se iso é certo xa que non hai documentación que acredite o contrario e non é algo que se poida dicir de palabra, e sen aclaración desa dúbida non poden apoiar a proposta a pesar de querer apoiala porque saben que as entidades necesitan os cartos pero quedan prexudicadas por unha mala tramitación do goberno do PSOE.

Deseguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que o máis estraño disto son xa os turnos de palabra porque o expediente que se está a debatir queda sobre a mesa o mes pasado e agora preséntase por terceira vez sen nada novo; que a primeira vez foi na Comisión informativa na que a concelleira non foi quen de explicar a xustificación das subvencións que se pretenden outorgar pois non sabía de que ía e a día de hoxe seguen sen sabelo porque ao Portádego se lle van dar 8.000 euros porque non se poden facer as obras porque as obras custan moito, sen saber aínda a que obras se refiren nin o que custarían esas obras; que pediron o IBI do campo de Almeiras e non teñen nada novo respecto do Pleno anterior polo que ten que insistir no xa dito sobre que se trata dunha limosna para ter calados aos clubs á vista dos convenios asinados con eles no 2015 e que non se están cumprindo; que non entende que se un punto queda sobre a mesa nunha sesión volva á seguinte sen aportar nova documentación, preguntando se o motivo será que hai dous concelleiros menos do Partido Popular; que pide en primeiro lugar unha explicación do motivo polo que quedou sobre a mesa no pleno anterior porque non entende que se o motivo era que non se xustificaba suficientemente a concesión das subvencións, nesta sesión tampouco se xustifican.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que están de acordo con que se non se aporta nova documentación non poden votar a favor da proposta presentada.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

C.I.F. P-1503100-H

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a documentación estivo a disposición de toda a oposición dende fai xa máis dun mes; que no mes pasado xa se debatiu este asunto e se explicou por que o Concello pretendía outorgar estas tres subvencións de tipo nominativo; que neste momento non se está a falar de pagar un diñeiro a esas tres entidades e que será nunha fase posterior, cando chegue o momento de executar o orzamento e de pagar ou non esas subvencións cando as entidades teñan que xustificar documentalmente e legalmente en debido tempo e forma o contido desa subvención pois se as entidades non son quen de xustificar esa subvención non percibirán o seu importe; que se trata dun expediente completo e con todos os informes quedando sobre a mesa o mes pasado polas dúbidas técnicas ou de tipo legal por parte do grupo da Marea e todos os concelleiras e concelleiras foron invitados durante este tempo polo Sr. alcalde para que todos os técnicos e asesores desen as explicacións legais ou técnicas que parece ser non lles convencen; que se a pesar de estar completo o expediente e cos informes favorables seguen votando en contra entenderán que a súa intención é paralizar a actividade municipal.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, dirixese ao voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE e dille que pretende facer pasar por mentireiros aos membros da oposición ao dicir que foron invitados polo Sr. alcalde a ver a documentación que obra no expediente cando el lle ven de dicir na súa intervención que no expediente non hai nada novo con respecto ao que contiña na sesión anterior; que o único que se lle dixo foi que había unha tabliña cos datos que foi a que el amosou na súa intervención e que non está encabezada por ninguén nin contén ningún tipo de explicación, ocupando un terzo de carilla a motivación para cada unha das entidades, en total unha carilla para as tres, existindo uns formatos para facer unha determinada motivación, moi lonxe do que no expediente se presenta; que ao fio disto quere comentar que as asociacións preguntan polo prazo de apertura de presentación de solicitudes para a concesión de subvencións en réxime de concurrencia e lles din que de momento non se sabe cando comezará dito prazo, cando noutros anos a estas alturas atopábanse sobradamente tramitadas, preguntando se teñen algo que aclarar ao respecto.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Votos en contra: 4 (catro) dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Abstencións: 6 (seis) dos sres/as: Cañás Varela, Ramos Luna, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo e Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 18 de xullo de 2018, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA SOBRE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO ASINADO O 6 DE MAIO DE 2003 ENTRE O CONCELLO DE CULLEREDO E O CLUB DE CAMPO AS MARIÑAS PARA A XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DO COMPLEXO DEPORTIVO UBICADO NO MONTE COSTA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

na orde do día por razóns de urxencia, da proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 24 de setembro de 2018, relativa á incoación de expediente de resolución do contrato asinado co Club de Campo As Mariñas, que é ratificada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Deseguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposta, que literalmente di:

“O 6 de maio de 2003 formalizouse entre o concello e Club de Campo As Mariñas SL o contrato para a xestión, explotación e mantemento do complexo deportivo no Monte Costa.

Tendo en conta os incumprimentos por parte do concesionario das obrigas adquiridas no contrato, e considerando o disposto ao respecto pola cláusula 22 do prego de condicións administrativas particulares que forman parte do contrato e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de contratos das administracións públicas, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

1. Incoar procedemento de resolución do contrato asinado o concello e Club de Campo As Mariñas SL para a xestión, explotación e mantemento do complexo deportivo no Monte Costa. Para elo seguirase o procedemento establecido polo artigo 109 do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
2. Reter a garantía definitiva presentada polo adxudicatario .
3. Dar audiencia no expediente ao contratista e ao avalista.”

C.I.F. P-1503100-H

Consta en el expediente informe do xefe de servizo de economía e facenda, de data 21 de setembro de 2018 (código de documento UCP12I0083).

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a proposta trata dos terreos da Garrocha, dos que a Deputación cedeu no ano 1992 o seu uso ao Concello de Culleredo, que desde o 1993 ata o 1999 eses terreos foron explotados pola entidade coñecida como Club de Campo “A Garrocha” e no ano 1999 por incumprimento desa concesión administrativa o Concello viuse obrigado a súa resolución; que entre o 2001 e o 2003 foi xestionada pola Fundación para o Desenvolvemento Local de Culleredo, sendo precisamente nese ano 2003 cando se saca novamente a concurso, sendo adxudicada ao Club de Campo “As Mariñas”, entidade que presenta un aval bancario por importe de 120.000 euros, procedéndose no 2003 á sinatura do contrato, comezando a pagar unha serie de exercizos que a vinculan polo canon; que foi encargado ao servizo técnico un estudo pormenorizado da situación do coñecido como Club de Campo “A Garrocha” e Club de Campo “As Mariñas” quedando constatado no informe do xefe de servizo un incumprimento dos pregos de cláusulas administrativas por parte do concesionario, incurrido por este motivo en causa de resolución de contrato, motivo polo que se trae ao Pleno a proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que están totalmente a favor da proposta e que non entende por que non se trouxo antes pois á vista dos informes emitidos xa se produciron impagos desde o ano 2007 e as instalacións alí existentes, tanto a piscina como o servizo de cafetería, nunca se utilizaron nin se puxeron a dispor tal como establece o prego de condicións, crendo que se esperou demasiado tempo para a incoación deste expediente porque xa no ano 2012 había precedentes que indicaban a necesidade da súa apertura.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o BNG leva preguntando por este tema dous anos, dous anos nos que o equipo de goberno leva regateando de mala maneira este tema, primeiro dilatando o acceso á información, como moitas outras veces en que teñen



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

C.I.F. P-1503100-H

información comprometida, e despois con respostas evasivas, etc, podéndose lembrar todos os presentes das moitas intervencións feitas polo BNG ao respecto que mereceron por parte do equipo de goberno desidia e cando non desprezos, situación esta intolerable, que xa desde o ano 2007 esta empresa está incumplindo, cunha obriga anual de pagar un canon de 1.000 euros durante os 5 primeiros anos e 24.000 euros os restantes, ademais dunha participación nos beneficios, dos que terían que dar conta, tendo que encargarse o Concello do mantemento e de facer unha serie de seguros de bastante importe e un sistema de limpeza establecido; que había que ter unha serie de persoal e socorristas con formación para atender a piscina, personal para formación en hípica, tratándose dun contrato dunha dimensión moi grande, tendo diante o informe do xefe de servizo de economía que di que o 17 de febreiro de 2012 a tesoureira municipal informa sobre o importe da débeda mantida pola entidade concesionaria e di que a desglosa, sendo naquel momento de 115.661 euros máis xuros, que equivalía a 126.000 euros, é dicir, que xa no 2012 sobrepasaba o importe da garantía, que eran 120.000 euros; que a garantía, nun suposto de contratación pública, depositase para responder dos incumprimentos, sen que se teña reclamado nada e dando lugar a que se acumulara esa débeda, e iso que o propio aval do Banco Santander di que é executivo inmediatamente, ao primeiro requerimento do Concello, polo que este non tiña máis que enviar un burofax e automaticamente descontábanse os cartos da garantía; que desde o 2012 ata agora séguese na mesma, con 24.000 euros ao ano, e que o máis curioso é que desde fai dous anos nos que o BNG empeza a preguntar por este tema e nos que se deixa ver que esta situación está así, non só se esconde a información senón que non se procede a iniciar nada, tendo que pasar estes dous anos para que se lle viran as orellas ao lobo e se iniciara este asunto, deixándose de cobrar neses dous anos 48.000 euros, provocando unha perda de ingresos públicos de dimensións brutais; que o equipo de goberno lle debe unha explicación de todo isto ao pobo de Culleredo, a toda a xente que paga o seu IBI relixiosamente e que ven con recargo se se pasa un día do prazo, e un 20% se pasa un ano do prazo, e se pasa a executiva pódese chegar a un embargo, sendo ese o proceso normal, e que así debe ser pois todos deben contribuir na medida das súas capacidades ao financiamento dos servizos públicos a través dos tributos; que a cuestión que se debate encara tamén un tributo ao que non se lle deu ese tratamento, insistindo en que lle deben unha explicación ao pobo de Culleredo de como puido producirse esta situación e por que ante reiteradas preguntas do BNG desde fai dous anos non se fixo absolutamente nada; que lle gustaría saber a quen serve porque ao pobo de Culleredo non e quere preguntar ao Sr. concelleiro de Deportes porque xa no ano 2015 o Sr. alcalde anterior lle envía unha notificación avisándoo de que é competencia da súa área e procede á lectura do texto dirixido ao concelleiro Sr. Suárez no que o alcalde lle dicía que sendo responsabilidade da área de Deportes e tendo chegado aos seus oídos posibles incumprimentos procedera a solicitar os informes necesarios por se puidera ser un caso de resolución; que este escrito envioullo no 2015, despois de que a tesoureira certificara xa no 2012 os incumprimentos por importe de 126.000 euros, invitando ao Sr. Suárez a pedir a palabra e dar unha explicación en aplicación do establecido polo Regulamento orgánico municipal que di que calquera concelleiro pode pedir a palabra nun debate, e preguntándolle á señora concelleira da área de Sanidade se se lembra que foi requirida para que se ocupara de averiguar que pasaba coa insalubridade dunhas instalacións que os veciños denunciaban por insegura, por abandono, e insalubre por falta de limpeza, dicindo agora o informe que non consta que se incumplira a cuestión sanitaria preguntando se algunha vez se fixo unha inspección.

Continúa a súa intervención preguntándolle á Sra. Concelleira de Educación, Cultura, Tempo Libre, etc., se non tivo nunca unha acción responsable para saber o que pasaba nunha instalación que tiña un contrato cunha reserva de espazo para adicar á veciñanza en xeral á marxe dos socios que tivera a instalación..., e preguntalle tamén á Sra. Concelleira de Contratación como é posible que estando o BNG durante dous anos preguntando por este tema non tivera a iniciativa de poñerse a cobrar o que debía, de non deixar devengar dous semestres a razón de 12.000 euros por semestre, 24.000 euros ao ano, sabendo que non se cobrarían e pedíndolle que por favor diga algo porque o pobo de Culleredo necesita unha explicación sobre todo isto.

A continuación diríxese á Concellería de Medio Ambiente, Seguridade, Obras e Servizos pois ao seu antecesor no cargo non lle interesou o máis mínimo este tema sen importarlle que houbera un espazo de cabalos á carón da autovía sen valar e á Sra. Figueroa preguntándolle se non ten tampouco ningunha explicación que dar, dirixíndose



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

C.I.F. P-1503100-H

por último ao Sr. alcalde pois pensa que de todos os anteriormente citados e el quen debe dar a cara e asumir as responsabilidades que corresponden neste asunto, que son centos de miles de euros cando a veciñanza de Culleredo está pagando relixiosamente o IBI, o imposto de rodaxe, as taxas, e todos os tributos que manda o Concello, e que cando non se paga en prazo logo ven esa vía executiva da que xa falou, cando outros pasan pola porta grande co beneplácito de todas as autoridades que citou co beneplácito, preguntando de que maneira pensa asumir a responsabilidade para minimamente levar a súa obra diante da veciñanza de Culleredo.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, di que el non lembra a data exacta pero que o seu grupo xa coa anterior Corporación trouxo un tema sobre esta concesión administrativa na que por un lado indicaban que tiñan noticias de que estaba en moi malas condicións, cun corte de subministro eléctrico e instalación de xeradores, e por outro lado pediran un estado de contas, respondéndolle que xa estaba solventado e que o corte de subministro fora por un problemas coas liñas pero que xa estaba arranxado, e un ano máis tarde, xa co actual alcalde, pediron de novo o estado de contas sen que ata a data soberan nada del; que o solicitaron de novo porque tiveron noticias da existencia de cabalos alí en condicións deplorables e que foron dar unha volta por alí e puideron ver que os cabalos non están nas mellores condicións e coas veces que o concelleiro do BNG, o Sr. Chouciño, trouxo este tema ao Pleno ningún concelleiro/a pode alegar descoñecemento; que o Concello de Culleredo é responsable e ademáis hai unha perda patrimonial de máis de 270.000 euros, 126.000 euros ata o primeiro trimestre do 2012 e ata este ano a 24.000 euros anuais fan outros cento vinte e pico mil euros, xa sen ter en conta o trimestre actual, máis de 270.000 euros que segundo o convenio asinada tiña que ter cobrado o Concello e o Sr. Chouciño trouxo esta cuestión ao Pleno polo menos tres ou catro ou cinco veces nestes dous últimos anos pudiendo verse que nin de lonxe se cumpren os requisitos establecidos no Convenio e que el nunca logrou ir a ningunha das actividades que supostamente ía haber aí, preguntándolle ao resto de concelleiros/as se algunha vez foron nadar á piscina de alí cos cativos ou ao club social, ou a calquera outra actividade do centro social, e xa sen pensar nas actividades que non se puideron realizar aí pregunta pola responsabilidade polos 270.000 euros que se perderon de percibir, que son 11 anos acumulados de débeda e 3 anos nos que se leva preguntando continuamente por esta cuestión.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere aclarar que el non recada os IBI nin os cánones e que non é competencia do concelleiro de Deportes ir mirar se se cumpren os pregos e as condicións das concesións administrativas senón que iso é competencia dos técnicos correspondentes; que son eles os primeiros interesados en que se rescinda este contrato e que a actual alcalde, que leva menos dun ano, é o primeiro interesado, motivo polo que traen hoxe ao Pleno a rescisión do contrato co Club de Campo "A Garrocha", dirixíndose a continuación ao Sr. Chouciño Garrido ao que lle di que non lle fale de desprezos cara ao BNG pois el é totalmente respetuoso con calquera concelleiro que fora elixido polos veciños e veciñas de Culleredo e pensa que en todo momento se lle trata co respecto debido, se lle dá a información debida e se atenden correctamente as súas peticións pero que hai un informe recente que determina o incumprimento do prego contractual sendo este o motivo polo que traen a este Pleno a proposta de rescisión dese contrato.

Deseguido solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que el estaba pensando a ver por onde ía saír o equipo de goberno respecto deste tema, confiando en que saíran dunha forma decente e se pediran disculpas por isto pero a decencia non apareceu e iso non se produciu; que el cando fala de desprezo é por algo e todo o mundo que ven aos plenos pode saber de que fala, independentemente de que se disface con termos como ningunear ou outro semellante pero que non quere pararse nese tema e que con respecto ao que se dixo de que este alcalde leva menos dun ano pregunta se lle hai que reclamar ao anterior alcalde porque neste caso poderíase realizar algunha iniciativa no Pleno para exixir esa responsabilidade porque deixar o cargo non significa que non quede responsabilidade polas actuacións feitas, dicindo que lle interesa que se lle conteste a esta cuestión a pesar de que os demais concelleiros/as non contestaron ás cuestións presentadas; que con respecto ao que respostou respecto do concelleiro de Deportes quere aclarar que non o dixo el senón o alcalde anterior no requirimento remitido e asinado o recibí e que di o que deseguido se



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

transcribe: "Habiendo llegado a esta Alcaldía diversas informaciones no contrastadas sobre presuntas irregularidades por incumplimientos contractuales por parte de la adjudicataria del contrato de gestión del servicio público del Complejo deportivo ubicado en el Monte Costa, adjudicadora la empresa Club de Campo "As Mariñas", con fecha 29 de noviembre de 2001, se requiere a esta concejalía, como competente por razón de la materia, a fin de que informe exhaustivamente y a la mayor brevedad posible a esta Alcaldía sobre la existencia o no de incumplimientos del pliego de condiciones y del contrato administrativo suscrito en fecha 6 de mayo de 2003 para lo que debería solicitar los informes técnicos y sectoriales que considere necesarios a dichos efectos (deportes, medio ambiente, economía, etc.)" recibido por Miguel Suárez.

Continúa a súa intervención dicindo que a cantidade de 270.000 euros referida polo Sr. Cañás queda moi corta pois está tamén o deterioro das instalacións e alí faltan uralitas enteiras e chove dentro, estando todo aquilo feito polvo, unha instalación que non se mantén durante tantos anos precisa dunha grande cantidade de cartos para recuperala para o seu uso inicial; que con respecto ao comentado sobre os seguros pregunta se non o sabía porque non se fala da existencia dos seguros cando no contrato fálase dun seguro de responsabilidade civil por importe de 200 millóns de pesetas e un seguro de responsabilidade contra terceiros por importe de 100 millóns de pesetas e hai que deixar que os técnicos determinen a débeda pero o equipo de goberno é o responsable máximo da Administración e quen non o saiba que lea a Lei de Bases do Réxime Local e se entere das súas funcións e hai que ver canto corresponde non só pola débeda líquida senón tamén polos incumprimentos, pola valoración de non rendir contas e non recibir a participación en beneficios e pola deixación de pago polas obrigas que tiña de limpeza, mantemento, etc, de pagamento á xente e cotas á seguridade social, etc; que van investigar todo para ver que sae á luz e exixir as responsabilidades a que haxa lugar pero que de momento se hai sorte e unha vez executado o aval e se recuperan 120.000 euros, descontándoos dos 270.000 euros dos que falou o Sr. Cañás, quedan 150.000 euros que seguramente non se cobren nunca, iso como mínimo, aparte de todo o que xa mencionou antes, polo que van exixir que o pague o equipo de goberno solidariamente porque é unha débeda que teñen a efectos monetarios.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que este é o primeiro paso para a resolución do contrato e a continuación daráselle audiencia ás persoas que teñen o contrato e se aceptan todas esas condicións perfecto e se non será o Consello Consultivo o que determine o que hai que facer, recordándolle ao Sr. Chouciño que o seu partido desde o 2007 ata o 2013 ten tamén unha responsabilidade para con esta acción.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data 24 de setembro de 2018, sendo aprobada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo nos termos transcritos.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO BNG PARA O INICIO DE EXPEDIENTE DE INCOACIÓN DE DEPURACIÓN DE RESPONSABILIDADES.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do BNG, de data 9 de setembro de 2018, relativa ao inicio de expediente de incoación de responsabilidades, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG-Asembleas Abertas, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal,

EXPÓN:

Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

A obra da escollera de contención na ribeira do río Trabe, UCP/2016/20 "Restitución de la ribera del río Trabe en O Burgo", ten sido obxecto de reiteradas advertencias e consultas por parte do bng.

As advertencias iniciais facían ver que o que se estaba executando non correspondía co proxectado, constituindo un erro que de continuar daría lugar a unha obra mal executada e que no futuro podería dar lugar a novos derrubamentos como os que pretendía solucionar. A apreciación podía facerse a simple vista, sen necesidade de coñecementos técnicos, comparando a pendente na obra, coa pendente no proxecto. No proxecto, a pendente era dun 25%. Segundo a avaliación dos técnicos que emitiron os informes que citamos, anda entre o 50 e o 60%.

As consultas do expediente viñeron dar a razón aos avisos do bng. Tanto en informes de técnicos expertos en construcións, como da propia intervención que finalmente se negou a recibir a obra baseándose nos anteriores.

En dous parágrafos, a interventora, no seu informe para a acta levantada con motivo do acto de recepción da obra, ilustra claramente o que o bng levaba tempo advertindo:

"Vista la obra y los informes que se me aportan se aprecia que esta no se corresponde con el proyecto."

"En concreto, en el informe aportado por el Jefe del Servicio de Arquitectura y Urbanismo con motivo de la incoación de expediente sancionador por parte de Augas de Galicia por causa de obras sin autorización, de fecha 19 de enero de 2018, este pone de manifiesto graves diferencias entre el proyecto original y el ejecutado en temas como el sistema previsto, el tramo de actuación, la pendiente, cambios de materiales.... Y a mayores concluye que se trata de una obra ejecutada sobre un suelo de especial protección de riberas y canales respecto del que la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia, impide este tipo de actuaciones."

É dicir, que os incumprimentos van máis alá do que xa advertía o bng.

Temos unha obra que non se axusta ao proxecto, de forma claramente apreciable a simple vista sen necesidade de coñecementos técnicos.

Temos unha intervención nunha zona de especial protección de ribeira, protexida especialmente pola Lei do Solo de Galicia, que dá lugar á apertura dun expediente de sanción que pode chegar aos 30.000€, e tamén o traslado ao xulgado por parte do PACPRONA das observacións ao respecto por parte dese organismo.

Temos unha obra que se iniciou sen ter reclamado a garantía da anterior a pesar de estar en prazo de facelo; son 141.815,56€ que se poderían ter evitado gastar, de ter reclamado a garantía anterior.

Temos un contrato negociado sen publicidade para un orzamento de 160.606,52€ que se adjudicou finalmente en 141.815,56€, nun expediente iniciado pola vía de urxencia que se formaliza o 10 de xaneiro de 2017, e no que a acta de recepción é do mes de maio de 2018. O prazo de execución eran 42 días.

O proxecto, a día de hoxe aínda non está dispoñible para consulta no perfil do contratante para que todos poidamos consultalo.

Cando o bng iniciou as súas advertencias desta situación, o actual alcalde era o Concelleiro de Obras, Servizos, Medio Ambiente e Seguridade. Todas estas responsabilidades pesáronlle pouco para ter en conta as advertencias do bng.

Posteriormente, xa como alcalde, continuou a obra a pesar de contar xa con informes que corroboraban o que o bng viña reclamando.

Agora, é a intervención a que indica no informe para a acta da recepción, que:



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

“EN CONSECUENCIA, ENTIENDO QUE NO PROCEDE RECEPCIÓN DE CONFORMIDAD.”

Xa que logo, non se entendería que esta obra rematara cun emprego de fondos públicos sen determinar quen ten a responsabilidade de que un proxecto remate sen conformidade para a súa recepción despois de terse advertido con tanta reiteración.

Por tanto, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e votación:

MOCIÓN PARA O INICIO DE EXPEDIENTE DE INCOACIÓN DE DEPURACIÓN DE RESPONSABILIDADES

1. Que se inicie expediente de incoación de depuración de responsabilidades por parte dos servizos xurídicos do Concello sobre o cumprimento das responsabilidades referidas e todas aquelas que a maiores se poidan detectar na revisión do expediente.
2. Que unha vez rematado se dea conta ó Pleno das conclusións.

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que esta proposta do BNG vai sobre unha obra que se fixo na escollera de contención na ribeira do Río Trabe, á altura do campo de fútbol e do polideportivo municipal e pola que tamén teñen preguntado reiteradamente, supoñendo moito traballo reunir toda a documentación para poder elaborar a proposta que hoxe trae procedendo á lectura da moción presentada, e recorda que a anterior obra, que tamén levaba unha escollera, cedeu e abriu, deixando unha fenda na que collía unha man; di que o proxecto non está na web, e que lle gustaría que estivera como tantos outros para que todo o que aquí está comentando o puidera consultar calquer veciño e calquera veciña.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que desde Marea están totalmente de acordo en que todos os asuntos que tramita o Concello se resolvan coa maior transparencia e que na exposición que fai o concelleiro do BNG se fala da tramitación dun expediente e hai que darlle a razón que preguntou moitísimas veces por este expediente, respondendo sempre por parte do equipo de goberno que os informes técnicos eran favorables, caso no que non ve responsabilidade política, podendo haber erros na tramitación dos expedientes e di que levante a man aquel que traballando nunca cometeu un erro, solicitando ao concelleiro Sr. Chouciño Garrido aclaración sobre se a depuración das responsabilidades se refire á parte administrativa ou á parte política, pois á vista dos puntos que hoxe se tratan no Pleno pedir que se incoe un expediente polos servizos xurídicos do Concello opina que supón unha carga de traballo excesiva cando hai outras formas permitidas pola normativa vixente de cara aos concelleiros que os faculta para poder facelo a través de comparencias, non vendo oportuno tampouco iniciar unha caza de bruxas aos traballadores do Concello, aos que parece que se lles bota a culpa de todo tanto por parte da oposición como por parte do equipo de goberno, aínda por riba de que son poucos e cunha carga excesiva de traballo, polo que se se pide depurar responsabilidades considera que se debería facer doutro xeito e aclarar que tipo de responsabilidades se queren depurar.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a escollera do Río Trabe empeza a ser camiño dun clásico e que é certo que o Sr. Chouciño preguntou moitas veces polo tema da escollera do río Trabe e non é menos certo que sempre se lle respondeu coa precisa e debida información aínda que xa se sabe que a el nunca lle van satisfacer todas as respostas que se lle poidan dar por moi argumentadas técnica e xuridicamente que estean; que o do Sr. Chouciño é o do non por sistema e o de depurar responsabilidades, aparecendo a dúbida de cales son esas responsabilidades e contra quen, porque se se trata dunha obra que ten os informes preceptivos do director de obra e de medio ambiente que din que está



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

perfectamente, referíndose a unha situación a xaneiro de 2018, descoñecendo, ou omitindo torticieramente, que no mes de xuño deste ano hai un informe de Augas autorizando a obra porque é unha zona de especial protección de ribeiras e cauces motivo polo que se pediu autorización a Augas de Galicia, presentando Antonio Chouciño Garrido unha denuncia sobre este tema, motivo polo que se abre un expediente sancionador de tipo leve ao Concello de Culleredo, aos veciños de Culleredo, pero non pola obra en si, que gusta a toda a veciñanza que felicitou aos técnicos municipais pola súa realización e que a el tamén lle gustaría se se pasara por alí vela, cousa que non fai pois se limita a pedir responsabilidades sen dicir que tipo de responsabilidades e contra quen porque sendo unha zona de protección de cauces e sendo que agora no mes de xuño Augas de Galicia ten legalizado e dado o visto bo a esa obra, e contando co informe favorable do director desa obra, informando desfavorablemente o arquitecto municipal porque ten o seu criterio e informa negativamente e entende que alí se pode abrir un viario, pero que aquilo non é un viario e se lle está dando o mesmo uso que tiña antes asegurando que os veciños están moi contentos e moi agradecidos porque se fixera esa obra, solicitando do Sr. Chouciño Garrido unha explicación acerca de que responsabilidades pide e contra quen cando eses informes son favorables.

Deseguido solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar lle quere contestar ao Sr. Santos Iglesias, e di que o procedemento de depuración de responsabilidades é un procedemento reglado que polo tanto non necesita moita máis explicación, é dicir, procede comprobar quen fixo as cousas mal e que deron lugar a que unha obra non se reciba con informes moi concluíntes, e con respecto ao traballo dos servizos de Asesoría Xurídica parece que aquí o que menos importa é preocuparse do patrimonio público e de que as cousas se fagan ben e non haxa que gastar outra vez cartos na mesma obra cando volva caer, supoñendo que a asesora xurídica, que ten tamén o seu equipo de traballo, non lle importará que se lle dea traballo porque é o que xustifica tamén o seu salario, polo que lle parece unha excusa moi peregrina; continúa dirixíndose ao Sr. Santos e di que os técnicos, funcionarios, deben ser responsables do seu traballo e para iso o Estatuto do empregado público garantiza a súa independencia respecto do poder político e menos mal que existe porque hai grupos que queren cargarse ao funcionariado dicindo unha serie de barbaridades ao respecto e iso é precisamente o que garante a súa independencia e lles dá a posibilidade de dicir que non a un político que lle presente unha barbaridade; que vai obviar o comentario do Sr. Taibo Monelos respecto da caza de bruxas porque lle parecen argumentos retóricos cando non se ten máis que dicir, insistindo en que parece que o que menos lles importa no debate é preocuparse por un mal emprego dos fondos públicos empregados nunha obra que agora non se pode recibir; que se comentou dunha denuncia e efectivamente presentouse porque estaban preocupados polo entorno e porque as obras estiveran ben feitas requirindo dos servizos públicos que teñen esa misión de ir alí e pronunciarse.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido dicindo que o equipo de goberno no punto referido ao Casino vanagloriose de que conta con todos os informes favorables e agora neste punto comenta que o Sr. arquitecto municipal pode ter o seu criterio, sendo en todo caso desfavorables e emitidos por funcionarios públicos que teñen garantida a súa independencia, considerando que non hai ningún motivo para dicir non a esta proposta pois cre que é o que procede cando as cousas se fan tan mal e da mesma forma que no punto anterior non ocorreu que o bng preguntara un día por casualidade e a súa pregunta pasou inadvertida, este tema xa estaba advertido reiteradamente dicindo que se podían facer as cousas doutra forma estando o equipo e goberno pedindo sempre que fagan propostas e agora lle din que sempre son os do non, cando o que sucede é que si fan propostas; di que a finalidade da obra non é que quedara bonita, aludindo ao comentario do Sr. Taibo Monelos sobre que aos veciños lles gustou moito como quedou a obra, pois trátase dunha escollera de contención e a súa finalidade principal non é quedar bonita pois trátase dunha obra estrutural, non dun monumento, e que quede bonita é secundario a que unha obra estrutural e que ten un cometido quede ben feita e poida ser certificada de forma que despois os técnicos no acto de recepción da obra poidan dicir que se recibe e non foi así pois din que non se pode recibir xa que non se axusta ao proxecto, pedindo novamente o voto a favor pois desta maneira será a única forma de avanzar e poder facer as cousas ben pois como ben dixo o Sr. Santos Iglesias, neste Pleno veñen xa demasiadas mostras do mal que fan as cousas aínda estando advertidos.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, pregúntalle ao Sr. Chouciño Garrido por que se empeña en dicir que esa obra vai caer e que está mal construídando os informes do director de obra, do xefe de servizo de medio ambiente, obras e servizos deste Concello, e da propia Augas de Galicia de data de xuño de 2018 dan o visto bo e favorable a boa execución desa obra, e el segue no seu mundo imaxinario no que non lle preocupa en absoluto a realidade nin os intereses dos veciños, lembrándolle a película "Atrapado en el tiempo" no que despertaba sempre e sempre era o día da marmota, sendo neste caso sempre a escollera do Río Trabe, cando se lle está dicindo que ten os informes favorables, aparece no expediente, e que esta obra recepcionarase como non pode ser doutra maneira pois a data de xuño deste ano chegou o informe favorable tamén de Augas de Galicia, pedíndolle ao dito concelleiro que non estea tan preocupado por esa situación pois a obra cumpre legalmente, xuridicamente e tecnicamente, tratándose dunha obra ben feita, pedíndolle que retire a moción de depuración de responsabilidades insistindo en contra quen e para quen.

Deseguido solicita novamente o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o Sr. Taibo Monelos omite o informe da señora interventora, que é o definitivo.

Responde o Sr. Taibo Monelos, voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE que non, que non se omitiu.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (sete) dos sres/as: Cañás Varela, Ramos Luna, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.,

Abstencións: 3 (tres) dos sres/as: Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción do BNG, de data 9 de setembro de 2018, relativa ao inicio de expediente de incoación de responsabilidades.

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR URXENTEMENTE MEDIDAS RESPECTO Á POBOACIÓN CRECENTE DE XABARIL E OS DANOS CAUSADOS POR ESTA ESPECIE.

O Grupo Municipal Socialista, de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a presente MOCIÓN, INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR URXENTEMENTE, MEDIDAS RESPECTO Á POBOACIÓN CRECENTE DE XABARIL E OS DANOS CAUSADOS POR ESTA ESPECIE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os continuos estragos producidos polo xabaril que está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

C.I.F. P-1503100-H

Danos económicos producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, no millo, nas hortas e noutras producións e cultivos, coma a vide ou a castaña.

Danos medioambientais, ao inducir o abandono da actividade, o que provoca a colonización de terras agrarias por mato e leña, que supoñen un risco para os lumes, especialmente cando se abandonan as agras nas contornas das casas, onde deixan de facer as funcións dun eficaz cortalumes.

E tamén competencia desigual con outras especies das que son predadores directos, especialmente nos contornos dos Espazos Naturais Protexidos, poñéndoas en risco de desaparición (aves, reptís, anfibios, coellos e micro mamíferos). E mesmo riscos zosanitarios polo contaxio ás especies domésticas, de zoonoses das que son reservorios, como a tuberculose, peste porcina.

A maiores prodúcense danos en bens públicos de axardinamentos e zonas deportivas e incluso problemas de seguridade de viaria con dous atropelos ao día de media en Galicia, ao atravesaren estradas e camiños rurais, risco non cuberto pola prima básica do seguro de circulación, o que provoca o incremento das primas de seguros das persoas que queiran asegurarse ante este risco.

Estes ataques do xabaril teñen como consecuencia un enorme incremento dos custes nas explotacións agrícolas e gandeiras profesionais que quedan, tanto no referido aos de alimentación como as necesidades de cercas, tanto convencionais como eléctricas, provocando o abandono dos cultivos tradicionais, profesionais e a tempo parcial por falta de rendemento e desesperación das persoas titulares das explotacións.

Ante estes acontecementos, as persoas damnificadas estanse dirixindo aos Concellos, como Administracións máis próximas, expresando as súas inquedanzas por mor destes ataques que poñen en perigo a súa sustentabilidade económica.

Certamente a situación de hoxe en día, ten como antecedentes o excesivo incremento da poboación dos xabarís, un mamífero con grande capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, todo elo facilitado polo abandono das terras e do medio rural, así como pola escasa incidencia do único depredador natural que ten, que é o lobo.

Esta realidade, non foi acompañada de medidas proporcionais e eficaces de control que permitan unha convivencia equilibrada e sostible desta especie animal con outras especies e coas actividades económicas, sociais e medioambientais do noso contorno.

É por iso que o Grupo Municipal Socialista considerando que é preciso encarar esta problemática e buscar solucións acaídas, presenta esta MOCION diante do Pleno da Corporación para que a Xunta de Galicia asuma a grave problemática dos danos da fauna salvaxe nas explotacións gandeiras e agrícolas e que se tomen os seguintes acordos de resolución:

O Pleno da corporación insta á Xunta de Galicia a:

1. Realizar, á máxima brevidade, un censo da poboación do xabaril e a súa distribución nas comarcas de Galicia.
2. Redactar e poñer en marcha de xeito inmediato un Plan de Xestión do xabaril, para estabilizar a súa poboación, e limitar os seus danos na agricultura, a gandaría, a circulación viaria e o equilibrio medioambiental, de xeito consensuado cos sectores afectados.
3. Reformar a Lei de caza de Galicia, de xeito que se regule a colaboración entre cazadores e produtores agrarios para protexer os cultivos, obrigando á incorporación de plans de prevención de danos aos TECOR dentro do seu Plan de Ordenación Cinexética, de forma que se teñan en conta os calendarios de cultivos e épocas sensibles aos danos para cada un deles e a nivel de parroquia.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

4. Poñer en marcha o Fondo de Corresponsabilidade, para pago de danos e medidas preventivas, que figura na Lei de Caza de Galicia, así como abrir unha liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotacións e nos cultivos.

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, fai unha exposición da moción presentada e di que nos últimos e derradeiros anos a poboación está a causar danos e estragos moi importantes sobre todo nas zonas rurais, zonas nas que están as agras e os cultivos de Culleredo, non habendo control na reprodución do xabaril e son moitos os veciños da zona rural que manifestan a súa preocupación polos danos causados por esta especie, motivos que xustifican a presentación desta proposta.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que as desfeitas que pode ocasionar o xabaril poden chegar a ser grandes e graves e que os que medraron no campo o saben, pero a proposta que trae o grupo socialista parece máis propia dun grupo conservador ou de épocas pasadas que da esquerda, se algo molesta acábase con el, considerando que non debe ser así e que a caza non debe ser unha solución nos tempos que corren; que se a especie do xabaril medra e alcanza zonas agrícolas e urbanas é porque acábase cos seus depredadores e se destrúe o seu hábitat natural, non pasando a solución por destruílos a eles tamén pois a este paso non hai mundo que chegue e a caza podería ter efectos secundarios non desexados xa que ao sentirse perseguidos os animais poderían invadir máis zonas urbanas, máis habitualmente e posiblemente máis enrabechados, debendo pasar a alternativa por utilizar métodos non letais como pastor eléctrico, cultivos disuasorios ou vacinas e para isto é necesario máis investimento da Xunta de Galicia no medio rural.

C.I.F. P-1503100-H

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, di que van votar a favor da moción porque é algo que lles preocupa e que saben que sobre todo nas zonas rurais supoñen un problema as manadas de xabaris pero que no primeiro parágrafo da proposta faise alusión a que "nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas" e dado que é unha moción do PSOE de Culleredo pregunta polos datos concretos do Concello de Culleredo e que desfeitas fixo o xabaril no Concello de Culleredo; que o mesmo no parágrafo segundo cando se di de danos económicos producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, no millo, nas hortas, ..." pide datos de Culleredo, pois esta trátase dunha moción que presenta o PSOE do Concello de Culleredo polo trámite de urxencia para tratar no Pleno; que se fala de problemas de seguridade viaria, de atropelos, e non se aportan datos de Culleredo, preguntando polo número de denuncias sobre este tema que xustifiquen que isto sexa urxente para tratar no Pleno en Culleredo e se hai un notable incremento nos custos das producións agrícolas de Culleredo.

Continúa a súa intervención o Sr. Cañás Varela e comenta que a proposta di que "Ante estes acontecementos, as persoas damnificadas estanse dirixindo aos Concellos, ...", preguntando cantas persoas se dirixiron ao Concello de Culleredo; di que está de acordo coa proposta presentada e lle gustaría tamén suscribir o manifestado pola Sra. Rivadulla Deschamps e que a el tampouco lle gusta a caza e non sabe se hai outras medidas que permitan controlar o crecemento desta poboación sen acudir a ela e interésase por saber se antes de proceder á redacción desta proposta se fixo unha consulta coa Asociación Deportiva San Miguel de Culleredo que son os que xestionan os TECOR de Culleredo que son os que están tentando solucionar este problema de primeira man e que este ano teñen feito saídas e matar xabaris con autorización da Xunta de Galicia; que con respecto á solicitud dun Fondo de corresponsabilidade para pagos di que xa o hai aínda que non teña ese nome podéndose debatir se é ou non suficiente porque este problema está a pasar en moitas zonas de Galicia aínda que pensa que en Culleredo non.

A continuación fai uso da palabra o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que en Culleredo a situación non é tan grave como noutros Concellos pero que si existe e se trae a moción como unha medida preventiva.



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do PSdeG-PSOE, de data 12 de setembro de 2018, co seguinte resultado:

Votos a favor: 18 (dezaoito) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Cañás Varela, Ramos Luna, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido e Vázquez Lozano.

Votos en contra: 1 (un) da sra Rivadulla Deschamps.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do PSdeG-PSOE, de data 12 de setembro de 2018, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

8.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO BNG SOBRE O PAZO DE MEIRÁS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do BNG, de data 21 de setembro de 2018, relativa ao Pazo de Meirás, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Deseguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG-Asembleas Abertas, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesa maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que, avalada por informes histórico e xurídico respectivamente, poñen negro sobre branco a respecto de como esta propiedade chegou a ser detentada polo ditador Franco. Isto é, primeiramente a través de derivación de recursos públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.

No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.

Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigente e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición

Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

compartida por todas as persoas democratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é *'igual para todos'* -como sempre predicán-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Culleredo acorda:

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.
2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 democratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.
3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.
4. Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.
5. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que el está de acordo con moitos dos puntos recollidos na moción pero non con todos e refire o contido do punto número 3 en relación con expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

C.I.F. P-1503100-H

da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista dicindo que se realmente se demostra que se fai apoloxía do xenocidio fascista e se consegue ditaminar isto esa Fundación debería desaparecer, facendo deseguido alusión ao punto número 4 no que se pide instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás e que poida revertir de novo no pobo de Galiza sobre o que di que se debe confiar na Xustiza e se realmente se demostra que eses bens son do pobo galego e houbo unha apropiación indebida deben revertir ao seu verdadeiro propietario, pero sen adiantarse e converterse en xuíces porque houbo unha denuncia por entrada nunha propiedade de momento privada e se procedeu a sacar de alí as persoas dunha forma pacífica, procedendo agora esperar aos acontecementos para actuar como verdadeiros demócratas que confían na Xustiza, motivos polos que non pode votar a favor desta proposta.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que eles van votar a favor porque lle parece que hai debates que son absurdos sobre todo cando no fondo están todos de acordo e que todos os presentes son demócratas; que hai partes do texto cos que non está totalmente de acordo e que non se é demócrata por invadir unha propiedade privada e que serán demócratas por outros motivos pero non por ese; que non lle gustan algunhas das calificacións feitas na moción pero que van votar a favor porque no fondo da cuestión si están de acordo e que de todas formas hai un acordo parlamentario e xa se aprobou que sexa o Estado o que inicie a recuperación do Pazo de Meirás para que volva ao patrimonio público e o que toca agora é esperar que o goberno central non se demore máis e realice as accións legais necesarias para a súa recuperación; que a Xunta de Galicia adoptou no mes de xullo unha decisión por acordo plenario de todos os grupos incluído o BNG tamén e se comunicou ao goberno central dando traslado de todas as actuacións do comité de expertos que acredita que a propiedade pode ser reclamada polo Estado como ben de dominio público e que habilita á Administración Xeral do Estado a defender a súa adquisición; que non era necesario que chegara o Bloque salvalos a todos e dar visibilidade internacional con este tema pois todos os grupos están de acordo sen necesidade de encerrarse nin asaltar nada e que xa hai acordos plenarios que defenden esta posición e que eles van estar de acordo con todos, tanto se son do Estado, coma da Xunta, da Deputación ou do Concello.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que efectivamente hai certas cuestións nas que hai que ser contundente e non quedarse so nos posos, sendo a Fundación Franco un anacronismo que exista e poida existir no noso país e que por riba se permita facer acusacións e tentar dar clases de democracia aos que son verdadeiros demócratas; que non é imaxinable estar en Alemaña e falar da Fundación Hitler, sendo evidente que hoxe en día existe unanimidade entre todos os demócratas no sentido de que o Pazo de Meirás volva ser do Patrimonio público porque a existencia dunha acta de entrega do pobo galego a favor do ditador Francisco Franco é razón xurídica suficiente para que agora revirta ao pobo galego porque houbo un momento de traspaso patrimonial a favor dalgunha especie de ente con personalidade pública que foi a que fixo a cesión que estaba na dita acta crendo que non se debe quedar en pensar se a xustiza funciona ou non funciona ou se foron alí protestar ou non senón que hai que ser taxantes e apoiar sen fisuras neste contexto, polo que van apoiar esta moción.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que con respecto ao comentario feito polo compañeiro de Ciudadanos, o Sr. Vázquez Lozano ten apelado en varias ocasións á política como ferramenta útil para solucionar temas públicos tendo dado a xustiza mostras de que adolece dun funcionamento democrático véndose múltiples exemplos ao longo dos últimos tempos e que unha persoa estea axusticiada por cagarse en Dios é penoso e que é curioso que haxa asociación de xuíces conservadores e progresistas, habendo máis exemplos como o caso de cargos políticos elixidos democraticamente que están inxustamente encarcerados con tempos ben prolongados sen xuízo; que as liberdades se teñen conquistado sen agardar procedementos burocráticos e a democracia tense exercido non só cada catro anos senón de múltiples formas e tamén co activismo e coa mobilización podendo sumar este exemplo a moitos outros que hai



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

ao longo da historia, sentíndose moi orgulloso de que os compañeiros e os que non o son, pois os que alí estaban non eran soamente xente do BNG.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido dirixíndose ao comentario feito polo Sr. Cañas Varela sobre que non tiña que vir o compañeiro do BNG salvarlos porque xa había varias propostas feitas no mesmo senso e di que non se trata de salvar ou non senón que eles practican o activismo para aquelas causas que consideran xustas, que saben que hai moita xente que non se suma, insistindo en que é moi preciso o activismo porque máis de 40 anos despois teñen que estar practicando o activismo para reclamar cuestións coma esta, recordando que cando era un rapaz era moito máis "rojo" que agora e que familiares seus lle dicían que non era o momento de proceder con certas cuestións como esta que estase a tratar de facer unha ruptura co sistema anterior e non unha continuidade e a día de hoxe hai moita xente que opina que tampouco este é o momento porque hai xente que nunca atopa o momento para abordar determinados temas, confiando eles naquel momento e agora no activismo como unha forma máis de participación democrática.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que o compañeiro do BNG di que os xuíces poden ser dunha maneira ou doutra; que se non confiamos nos xuíces e non confiamos na Xustiza e cada un toma a xustiza pola súa man entrariase nun xogo no que no caso de que a Xustiza que hai guste ben e se non gusta se cambia porque non gusta e punto; que hai que ser democráticos e respetar as leis e se estas non gustan tentar cambialas pero non saltalas; que hai moitas formas de activismo e a el lle gusta por exemplo cando os xubilados protestan e fan ese activismo de forma pacífica onde haberá algúns enfrontamentos e algúns problemas pero se se entra nunha propiedade allea e denuncian ven a Lei aínda que despois sexan os xuíces os que diriman se verdadeiramente era dunha maneira ou doutra.

Deseguido solicita de novo o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que eles non recoñecen esa propiedade e de aí nace o conflito porque están convencidos de que non existe esa propiedade, motivo polo que se fixo esa actuación e aínda así, a pesar diso, non invadiron a propiedade senón que acudiron a ese inmovible nun día en que estaba aberta ao público dunha forma pacífica.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do BNG de data 21 de setembro de 2018, co seguinte resultado:

Votos a favor: 18 (dezaoto) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Cañas Varela, Ramos Luna, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 1 (unha), do Sr. Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do BNG, de data 21 de setembro de 2018, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

9.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

- Informe de data 14/08/2018 (código de documento UIT12I00M8)

10.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 54 resolucións numeradas da 1402 a 1455 do ano 2018, que se relacionan deseguido:

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27/09/2018
1402	06/09/2018	Concesión a D.V.P. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1403	06/09/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a E.C.L. do recibo de auga por importe de 63,80€ correspondente ao 2º trimestre de 2018.	
1404	06/09/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.D.R.S. do recibo de gas por importe de 11,76€ correspondente ao período do 05-04-2018 ao 06-06-2018 e pago do recibo de luz por importe de 16,43€ do período do 13-05-2018 ao 16-06-2018.	
1405	06/09/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago T.L.F.S. recibo de auga por importe de 53,79€ do 2º trimestre de 2018, pago recibo de gas por importe de 17,53€ do 31-05-2018 ao 01-08-2018 e pago recibo luz 56,17€ do 16-05-2018 ao 13-07-2018.	
1406	06/09/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.A.R.F. do recibo de luz por importe de 21,54€ do período do 12-06-2018 ao 07-08-2018.	
1407	06/09/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a S.S.S. do recibo de auga por importe de 73,63€ correspondente ao período do 2º trimestre de 2018 e do recibo de luz por importe de 211,03€ do período do 01-07-2018 ao 15-08-2018.	
1408	06/09/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde pago C.L.S. recibo auga 316,82€ do 3º trimestre de 2017 a 2º trimestre de 2018, pago recibo gas por importe de 322,63€ do 29-09-2017 ao 07-06-2018 e pago recibo luz 436,23€ do 14-09-2017 ao 15-08-2018.	
1409	06/09/2018	Concesión a F.P.G. dunha axuda económica para o pago de recibos de electricidade dos meses de outubro de 2017 a outubro de 2018, Bono de alimentos tipo C e Bono de alimentos tipo B durante seis meses cunha entrega mensual.	
1410	06/09/2018	Denegación a V.R.F.G. das axudas para abono recibo de auga, electricidade, gas e Bono de alimentos.	
1411	06/09/2018	Concesión a J.M.C.A. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	

Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27/09/2018
1412	06/09/2018	Concesión a M.J.T.M.C. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075€.	
1413	06/09/2018	Concesión a A.E.R.G. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
1414	06/09/2018	Concesión a D.D.E.A. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
1415	06/09/2018	Concesión a E.G.G., persoal laboral do Concello de Culleredo, a redución da súa xornada de traballo á metade da mesma coa diminución das retribucións que corresponda, desde o 17-09-2018.	
1416	06/09/2018	Concesión a S.P.V., persoal laboral do Concello de Culleredo, a redución da súa xornada de traballo nun terzo da mesma coa diminución das retribucións que corresponda, desde o 17-09-2018.	
1417	06/09/2018	Concesión a P.F.S., persoal laboral do Concello de Culleredo, a redución da súa xornada de traballo á metade da mesma coa diminución das retribucións que corresponda, desde o 17-09-2018.	
1418	06/09/2018	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación da competencia e aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas que se especifican na O/2018/47. (TERCEIRO: EDITORIAL BULULU, SL - IMPORTE TOTAL: 700,40€ e máis).	
1419	06/09/2018	Aprobación Proxecto de Iniciativas para o Fomento do Emprego contido na Memoria do Plan de Acción da axente de emprego e desenvolvemento local e solicitude subvención para financiamento custos salariais axente de emprego e desenvolvemento local M.G.C.	
1420	06/09/2018	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12-09-2018.	
1421	10/09/2018	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XULLO 2018).	
1422	10/09/2018	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (AGOSTO 2018).	
1423	10/09/2018	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (AGOSTO 2018).	
1424	10/09/2018	Autorización do gasto derivado da execución do servizo denominado "asistencia técnica en materia de planificación aeroportuaria" a executar por A.F.-P.P., polo importe ofertado de 10.890,00€, IVE incluído.	
1425	10/09/2018	Orde anotación Rexistro municipal de subvencións, das resolucións relativas á concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido entre o 28-03-2018 e o 29-06-2018, ambos os dous incluídos.	
1426	10/09/2018	Convocatoria á sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 13-09-2018.	
1427	11/09/2018	Declaración do desestímulo de M.G.A.M. das axudas solicitadas para abono recibo de aluguer.	

Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27/09/2018
1428	11/09/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de I.J.R.B.	
1429	11/09/2018	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de Y.R.C.	
1430	11/09/2018	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 11-09-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas.	
1431	12/09/2018	Autorización a K.P.D.A. a continuar coa modificación do horario fixo de presenza establecido de 9.30 a 14.30 horas de luns a venres, como máximo ata que o menor dos seus fillos cumpra os doce anos de idade.	
1432	12/09/2018	Concesión a Unión Fenosa Distribución, SA da licenza municipal de obras para recuamento LMS SMC-711 en Almeiras.	
1433	12/09/2018	Imposición sanción tráfico, expediente: 3652/2018.	
1434	12/09/2018	Desestimación do recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria interposto por M.A.B.S., expediente 17964/2017, confirmando a sanción imposta.	
1435	12/09/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 8202/2018.	
1436	12/09/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 8865/2018.	
1437	12/09/2018	Concesión E.Y.F. cambio de material para exercer servizo transporte público de persoas co vehículo marca SKODA OCTAVIA, matrícula 5460KNM, 5 prazas en substitución vehículo marca SKODA OCTAVIA matrícula 1670 HLN, conservando núm. 7 licenza municipal.	
1438	12/09/2018	Autorización do uso especial por CORREOS TELECOM, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para construción de infraestrutura de telecomunicacións na rúa Fernando Pérez de Traba - O Burgo.	
1439	12/09/2018	Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a construción dunha acometida para subministro de gas natural canalizado na rúa Almeiras 63.	
1440	12/09/2018	Autorización do uso especial por CORREOS TELECOM, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para construción de infraestrutura de telecomunicacións na rúa Visitación de la Encina, 7- O Burgo.	
1441	12/09/2018	Autorización do uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA dos terreos de dominio público municipal afectados para RBT Urbanización Fonteculler, parroquia de Rutis.	
1442	12/09/2018	Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Renovación de tubaxes de abastecemento na AC-213, O Burgo - A Telva", a favor da empresa CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ, SL, polo importe de 18.540,18€.	
1443	12/09/2018	Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Renovación parque infantil R/Luis Seoane", a favor da empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, polo importe de 54.324,77€.	



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27/09/2018
1444	12/09/2018	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XULLO 2018).	
1445	12/09/2018	Orde de inscrición da ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS LAVANDEIRA no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Culleredo.	
1446	13/09/2018	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 98773/2018.	
1447	13/09/2018	Estimación do recurso de reposición en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria interposto por M.I.M.T. e devolución ingresos indebidos polo importe abonado.	
1448	13/09/2018	Convocatoria á sesión extraordinaria do Pleno Municipal do día 18-09-2018.	
1449	14/09/2018	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17-09-2018.	
1450	18/09/2018	Inicio do procedemento de contratación como persoal laboral temporal (contrato de interinidade) de dous/dúas profesores/as de piano.	
1451	18/09/2018	Ampliación do contrato de traballo a tempo parcial dos profesores do Conservatorio de Música do Concello de Culleredo V.A.A. e cinco máis ata o día 22 de xullo de 2018.	
1452	18/09/2018	Aprobación do proxecto técnico para a obra de "Remodelación de praza e parque infantil en Vilaboa (igreja)" co seu correspondente presuposto que ascende á cantidade de 269.898,80€, IVE engadido.	
1453	18/09/2018	Establecemento dunha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na rúa Amparo López Jean, núm. 5, parroquia de Rutis.	
1454	18/09/2018	Aceptación da cesión que fai D.D.A. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 74m2 para o seu destino a viario público.	
1455	18/09/2018	Concesión a M.B.I. da licenza de primeira ocupación que solicitou para a remodelación dunha vivenda unifamiliar situada na rúa Paxariñas núm. 6, parroquia de Culleredo.	

11.- MOCIÓNS URGENTES

Non se presenta moción ningunha neste punto da orde do día.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere preguntar porque o outro día lle facilitaron os enlaces para descargar a auditoría do contrato de basuras do Consorcio e

33 de 34



Código do documento	Código do expediente
USG12I00VR	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
354G 4E0V 4F3Q 1L49 0ADN	

sorprendeulle que eran moi escasas as reclamacións do Concello de Culleredo comparado con outros que eran bastante máis extensos e que todos os grupos lle teñen trasladado inquietudes veciñais a respecto do funcionamento do sistema de recollida de lixo tanto respecto dos contedores, camiones que non pasaban por onde debían, horarios, etc, e máis sorprendido aínda cando ve a polémica destes días e as declaracións do Sr. alcalde que falan de abordar un sistema de recollida de basuras propio, o que lle parece unha contradición entre que non se trasladen unhas queixas de forma exhaustiva e crear un servizo propio.


Responde o Sr. alcalde-presidente e di que neste sentido as suxerencias feitas por parte dos concellos hai algunhas que son compartidas por todos e o feito de que sexan máis ou menos escuetas non ten que ver e o que pasa é que son distintas pero compartidas por todos; que con respecto ao tema de levar directamente o sistema de recollida de basura o que pasa é que se está agora nun proceso de debate no Consorcio das Mariñas e hai que ver se se continúa con ese talante democrático das últimas datas porque o que non se van aceptar son imposicións de ningún tipo e non só Culleredo senón tamén outros concellos e determinarase se convén continuar con este sistema ou estudar outras alternativas máis rendibles para os veciños e veciñas de Culleredo, polo que se están estudando outras alternativas ao Consorcio non só desde o Concello senón tamén desde o propio ente supramunicipal.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
23/11/2018 12:37


RIOBOO CASTRO,
JOSE RAMON
Alcalde-Presidente
23/11/2018 12:52





Código do documento	Código do expediente
USG12I012M	USG/2018/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
1A3K 3J4Z 1T0Q 5H2L 1709	

DQR

DILIXENCIA.- Para facer constar que, advertidos erros de transcripción na acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vinte e sete de setembro de dous mil dezaoto (código de documento USG12I00VR) procédese á súa corrección no seguinte senso:

- Na páxina 16, liñas 4 e 5, onde di:

“anual de pagar un canon de 1.000 euros durante os 5 primeiros anos e 24.000 euros os restantes, ademais dunha participación nos beneficios, dos que terían que dar conta, tendo que encargarse o Concello do mantemento e de”

Debe dicir:

“anual de pagar un canon de 12.000 euros durante os 5 primeiros anos e 24.000 euros os restantes, ademais dunha participación nos beneficios, dos que terían que dar conta, tendo que encargarse do mantemento e de”

- Na páxina 16, liña 40, onde di:

“espazo.... para adicar á veciñanza en xeral á marxe dos socios que tivera a instalación..., e preguntalle tamén á Sra.”

Debe dicir:

“espazo e tempos para adicar á veciñanza en xeral á marxe dos socios que tivera a instalación, e preguntalle tamén á Sra.”

- Na páxina 17, liña 5, onde di:

“porta grande co beneplácito de todas as autoridades que citou co beneplácito ..., preguntando de que maneira”

Debe dicir:

“porta grande co beneplácito de todas as autoridades que citou das que o alcalde é o máximo representante, preguntando de que maneira”

Culleredo, á data da sinatura dixital
A Secretaria xeral
(asinado dixitalmente)

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
27/11/2018 15:19